



ACCESO XEPYR ESTABLECEMENTOS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1. OS USUARIOS DO SISTEMA XEPYR.....	3
1.2. PROPÓSITO DO SISTEMA.....	5
2. PRIMEIROS PASOS.....	6
2.1. LOGIN.....	6
2.1.1 Erros comúns no proceso de login.....	7
2.1.2 Erro: "sen permisos para acceder á páxina"	8
2.2. OS MEUS ESTABLECEMENTOS.....	9
3. MANUAL DE USUARIO E NOVIDADES.....	10
ANEXO I: RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS/INCIDENCIAS.....	11
ANEXO II: REQUISITOS DE ACCESO E INSTALACIÓN DE AUTOFIRMA.....	13
ANEXO III: CONSULTA E MODIFICACIÓN DE PROFESIONAIS SANITARIOS ASO- CIADOS A UN ESTABLECEMENTO.....	14



1. INTRODUCCIÓN

A aplicación para a *Xestión de Prestacións e Reintegro de Gastos (XEPYR)* ten un módulo correspondente á xestión das dispensacións dos produtos ortoprotésicos por parte dos establecementos dispensadores que permitirá aos usuarios de ditos establecementos, obter información sobre o estado da prescrición, previo a realizar a dispensación, realizar a presentación telemática da solicitude de reintegro, así como consultar a documentación asociada a dita solicitude, o estado de tramitación do expediente de reintegro e do pago, de ser o caso.

1.1. OS USUARIOS DO SISTEMA XEPYR

Existirán os seguintes tipos de usuario no módulo de xestión de dispensacións:

- **Técnico de establecemento.** Os usuarios con rol *técnico* serán os responsables dos establecementos aos que estean asociados. Terán dispoñibles todas as funcionalidades da aplicación, dende a dispensación dos produtos, a xestión da documentación e a presentación da solicitude do reintegro. Tamén poden xestionar os administrativos dos seus establecementos.

Un usuario só poderá acceder a aplicación automaticamente como técnico de establecemento se previamente foi dado de alta como Profesional Sanitario (Responsable Técnico ou Sanitario) no *Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia (REXCE)*. No [ANEXO III: Consulta e modificación de profesionais asociados a un establecemento](#) deste manual explícase como comprobar que profesionais do establecementos teñen permisos para acceder automaticamente co perfil de técnico.

En caso de ter dúbidas relacionadas cos profesionais sanitarios vinculados ao establecemento, poderán contactar ca *Xefatura Territorial* da provincia do establecemento (información de contacto no [ANEXO I: Resolución de dúbidas/incidencias](#)).

- **Administrativo de establecemento** Os usuarios con rol *administrativo* poderán xestionar a documentación e presentar a solicitude do reintegro. *Non están autorizados a dispensar os produtos da prescrición.*

Para poder acceder ao sistema co perfil de administrativo, previamente deberán ser rexistrados na propia aplicación por un técnico de establecemento.



Para máis detalle sobre a xestión de usuarios, a funcionalidade atópase no menú lateral esquerdo e explícase no manual de usuario dispoñible na propia aplicación:

PRESCRIPCIÓN POR CIP E CÓDIGO

PRESCRIPCIÓNS ASOCIADAS

SOLICITUDES PENDENTES

INFORMES

OS MEUS ESTABLECEMENTOS

USUARIOS

CATÁLOGO PRODUCTOS

ESTADOS SOLICITUDE

MANUAL USUARIO

NOVIDADES

BÚSQUEDA DE USUARIO

Tipo de busca Por usuario

[Novo usuario](#)

LISTADO DE ADMINISTRATIVOS

Usuario	Nome	Establecementos asociados
12345678	JOSE MANUEL GARCIA	CENTROS ORTEPEDICOS
87654321	ANITA MARIA RODRIGUEZ	ORTOPEDIA
23456789	LUIS ANTONIO MARTIN	CENTRO DE REHABILITACION
98765432	ANA MARIA GONZALEZ	ORTOPEDIA
56789012	JOSE ANTONIO GARCIA	ORTOPEDIA



1.2. PROPÓSITO DO SISTEMA

Xestión das dispensacións de produtos das prescricións de ortoprótese

A aplicación permite a consulta das prescricións de ortoprótese asociadas a un determinado paciente e o rexistro da dispensación correspondente aos produtos prescritos. Mediante este sistema, o usuario de establecemento poderá ver, antes de aceptar un endoso, por exemplo, se o paciente ten ou non dereito a reintegro, o estado no que se atopa a prescrición e se existe algún impedimento á concesión do reintegro.

Xestión da documentación asociada á prescrición

O sistema permite consultar certa documentación asociada á prescrición, así como achegar e asinar a súa propia documentación (facturas, solicitudes,...)

Xestión de solicitudes de reintegro

O usuario poderá presentar de xeito telemático as solicitudes de reintegro de gastos, e consultar o avance na tramitación das mesmas por parte da área sanitaria correspondente.

Consultas

O sistema está dotado de formularios de consulta que permitirá ao usuario buscar dispensacións asociadas aos seus establecementos e mesmo obter unha folla de cálculo na que se recolle a información máis relevante das súas prescricións.

Xestión de usuarios

Os técnicos dos establecementos rexistrados como tal no *Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia (REXCE)*, poderán dar acceso a outros usuarios ás súas dispensacións/solicitudes de reintegro. Estes usuarios terán un perfil *administrativo* e non poderán marcar os produtos como dispensados, pero si poderán rexistrar documentación e presentar telematicamente as solicitudes de reintegro de gastos.

Notificacións por E- Mail

Dende o momento en que o usuario de establecemento rexistra unha solicitude de reintegro de gastos, o sistema irá informando, mediante o envío de correos electrónicos, sobre o estado de dita solicitude, enviando unha notificación no caso de que dende a unidades de prestacións das áreas sanitarias soliciten documentación adicional ou se a solicitude se resolve.



2. PRIMEIROS PASOS

Como se indicou no apartado anterior, para acceder á aplicación é necesario estar rexistrado como técnico ou administrativo de establecemento. Ademais, para cumprir co RGPD, o Servizo Galego de Saúde esixe que o acceso ao sistema se realice mediante **certificado dixital**.

2.1. LOGIN

Para acceder ao aplicativo será preciso que usuario dispoña dun certificado dixital admitido .

Entre outros, se admiten os certificados expedidos pola FNMT (Fábrica Nacional de Moneda y Timbre) ou DNI electrónico, así como calquer outro certificado aceptado oficialmente pola plataforma ACCEDE do SERGAS.

Os usuarios poderán acceder a **XEPYR** dende a web do Servizo Galego de Saúde, www.sergas.es, a través do enlace dispoñible ([Xestión de Prestacións e Reintegros XEPYR - Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde \(sergas.es\)](#)).

Ao premer neste enlace solicítase o certificado dixital do usuario:

Seleccionar un certificado para la autenticación

El sitio accede.sergas.es:443 necesita sus credenciales:

	 AC CAMERFIRMA FOR NATURAL PERSONS - 2016 30/9/2021
	 AC FNMT Usuarios 23/8/2018

[Información del certificado](#)

Aceptar

Cancelar



Ao seleccionar o certificado, amósase a páxina de validación onde estase a comprobar o certificado:



Unha vez validado o certificado, a partires da información recollida, comprobarase se se trata dun usuario válido e, de ser así o sistema redirixirao á pantalla principal de **XEPYR**.

En caso de que durante o proceso de validación do usuario se produza algún erro, amosarase unha mensaxe informativa ao usuario.

2.1.1 Erros comúns no proceso de login

Non existe certificado. Póñase en contacto co seu soporte. Este erro indica que non se atopou ningún certificado válido. Pode ser que non exista ningún certificado instalado no equipo do usuario, que estea caducado, que estea revocado ou que non estea admitido. En caso de dispor dun certificado válido, se o erro persiste, deberá poñerse en contacto co seu grupo de Soporte para poder solucionar a incidencia.

O usuario non ten permisos para a aplicación. Para máis información póñase en contacto co seu soporte. Este erro indica que non se atopou ningún usuario no sistema co NIF que figura no certificado empregado durante o inicio de sesión. Isto pode ser debido a que o NIF que figura no certificado non se corresponda con ningún técnico de establecemento rexistrado no *Re-xistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia (REXCE)*, ou que ningún técnico de establecemento rexistrou a un usuario con dito NIF como *administrativo* no sistema.

No caso de que o usuario deba ser técnico de establecemento no [ANEXO III: consulta e modificación de profesionais asociados a un establecemento](#) indícanse o xeito de consultar os profesionais asociados a un establecemento e realizar cambios se fose necesario.

En caso de que o usuario deba ser administrativo de establecemento deberá confirmar cun técnico do establecemento ao que quere acceder que realmente o deu de alta como administrativo. En caso de que sexa así, deberá poñerse en contacto co seu soporte para solucionar a incidencia.




2.1.2 Erro: "sen permisos para acceder á páxina"

Pode ocorrer que en determinados momentos durante o uso da aplicación, se amose a seguinte mensaxe:

 **Non ten permisos para acceder a esta páxina. Para máis información pode consultar o manual de usuario.**

Ou ben a seguinte pantalla:



Os motivos polos que pode amosarse esta mensaxe serán:

- ou ben se está tratando de acceder á xestión de usuarios sen ser técnico de establecemento
- ou ben se está tratando de acceder a unha pantalla dunha prescrición, ou á propia folla de prescrición e dita prescrición non é dispensable polo establecemento actual, ou está xa asociada a un establecemento pero este establecemento non é ningún dos vinculados ao usuario



2.2. OS MEUS ESTABLECEMENTOS

Na opción do menú *Os meus establecementos* o usuario pode ver os establecementos aos que está asociado xunto coa posibilidade de despregar os detalles coa icona

Os meus establecementos [X]			
Descrición	Tipo	Enderezo	Actualizar
	Ortopedias		
	Ortopedias		
	Ortopedias		
	Ortopedias		

Os meus establecementos [X]			
Descrición	Tipo	Enderezo	Actualizar
	Ortopedias		
	Ortopedias		
	Ortopedias		
Nome comercial ORTEPEDIA Enderezo CALLE OURENSE (OURENSE) CIF Teléfono D. vixencia Autorización FABRICACION, ADAPTACIÓN Nº rexistro Estado ACTIVO Tipo Ortopedias Licenzas Fabricación Grupos de produtos autorizados: Código Descrición 0603 ORTESIS DE COLUMNA VERTEBRAL 0406 AYUDAS PARA LA TERAPIA CIRCULATORIA 0633 CALZADOS ORTOPEDICOS			
	Ortopedias		




Ademais, como pode ocorrer que os datos do establecemento cambien no *Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia (REXCE)*, por exemplo, porque se solicite a modificación do nome comercial, aínda que o sistema realizará unha actualización periódica da información do establecemento para recoller as últimas modificacións que se puideran realizar, o usuario dispón do botón actualizar para cada un dos seus establecementos. Premendo neste botón **XEPYR** realizará unha consulta ao *Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia (REXCE)*, e obterá a información actualizada de dito centro.

Os meus establecementos [X]			
Descrición	Tipo	Enderezo	Actualizar
[REDACTED]	Ortopedias	[REDACTED]	 
[REDACTED]	Ortopedias	[REDACTED]	 
[REDACTED]	Ortopedias	[REDACTED]	 
[REDACTED]	Ortopedias	[REDACTED]	 

3. MANUAL DE USUARIO E NOVIDADES

A aplicación ten dispoñible estas dúas opcións para que os usuarios poidan descargar tanto o manual de usuario como o documento de cambios da última versión (novidades).





ANEXO I: RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS/INCIDENCIAS

Para calquera solicitude de información ou dúbida relacionada coa *xestión das dispensacións de produtos ortoprotésicos* poden dirixirse a:

- Cando se trate de dúbidas relacionadas coa vinculación de profesionais ao establecemento ou actualización de datos do establecemento:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de A Coruña

S. de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria de A Coruña

R/Durán Loriga, 3

15003 Coruña, A (Coruña, A)

Teléfono: 981155817 / 981155823

Fax: 981155869

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Lugo

S. de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria de Lugo

Montevideo, 9

27001 Lugo (Lugo)

Teléfono: 982292107

Fax: 982292115

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Ourense

S. de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria de Ourense

Avda. Zamora, 13

32071 Ourense (Ourense)

Teléfono: 988066321

Fax: 988386302

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra

S. de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria de Pontevedra

Avda. María Victoria Moreno, 43-1º

36071 Pontevedra (Pontevedra)

Teléfono: 986885880

Fax: 986814186



- Cando se trate de dúbidas de procedemento administrativo para a solicitude do reintegro deberá contactar coa Unidade de Prestacións da área Sanitaria do expediente:
 - **AREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE:** UPOrtoprotesis.XCO@sergas.es
 - **AREA SANITARIA DE FERROL:** prestacionseconcertos.ferrol@sergas.es
 - **AREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS:** prestaciones.eo-xi.lugo@sergas.es
 - **AREA SANITARIA DE OURENSE, VERIN E O BARCO DE VALDEORRAS:** xestion.prestacions.ourense@sergas.es
 - **AREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNES:** concertos.pontevedra@sergas.es
 - **AREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA:** galrreeconc@sergas.es
 - **AREA SANITARIA DE VIGO:** concertos.prestacions.vigo@sergas.es
- Cando se trate de temas relacionados coa aplicación (dúbidas técnicas): soporte.programas.especiales@sergas.es



ANEXO II: REQUISITOS DE ACCESO E INSTALACIÓN DE AUTOFIRMA

Os equipos desde os que se vaia realizar o acceso ao módulo correspondente á xestión das dispensacións dos produtos ortoprotésicos teñen que cumprir os requisitos técnicos detallados en:

<https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Requisitos-tecnicos-para-a-presentacion-electronica-de-solicitudes-escritos-e-comunicacions>

A modo resumen, os requisitos que deben cumprir os equipos con Windows son:

- Debe empregar un dos seguintes navegadores: Edge, Firefox ou Chrome
- Ter correctamente instalada a aplicación de Autofirma para Windows
- Dispor de un certificado electrónico instalado no navegador ou DNI ou outro certificado sobre tarxeta

Desde a páxina de requisitos pode descargarse a aplicación de Autofirma. Para cada un dos sistemas operativos posibles hai un manual de instalación da aplicación:

 REQUISITOS TÉCNICOS PARA A PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNES

Escoitar

Con carácter xeral, os requisitos técnicos dos procedementos para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións varían en función do sistema operativo utilizado:

S.O. Windows (probado con Windows 7/10)

- Debe empregar un dos seguintes **navegadores**: Internet Explorer (na súa versión 11), Firefox ou Chrome
- Debe empregar un dos seguintes **sistemas de sinatura electrónica**:
 - Certificado electrónico instalado no navegador ou DNI ou outro certificado sobre tarxeta sempre que teña instalado Autofirma para Windows (32 bits ou 64 bits). Pode descargar aquí o **manual de instalación**

S.O. MAC (probado con OSX 10.11)

- Debe empregar un dos seguintes **navegadores**: Safari, Firefox, Chrome
- Debe empregar un dos seguintes **sistemas de sinatura electrónica**:
 - Certificado electrónico instalado no navegador ou DNI ou outro certificado sobre tarxeta (só con Firefox) sempre que teña instalado **Autofirma para MAC**. Pode descargar aquí o **manual de instalación**

S.O. Linux (probado con Ubuntu 11.04)

- Debe empregar un dos seguintes **navegadores**: Firefox ou Chrome
- Debe empregar un dos seguintes **sistemas de sinatura electrónica**:
 - Certificado electrónico instalado no navegador ou DNI ou outro certificado sobre tarxeta (só con Firefox) sempre que teña instalado **Autofirma para Linux**. Pode descargar aquí o **manual de instalación**

Requisitos comúns


- Con independencia do procedemento, se fose necesario xuntar algún documento, este deberá axustarse aos seguintes formatos: .pdf. En calquera caso non se deberá superar o límite de tamaño establecido para o conxunto de ficheiros, que será de 50 MB (xa sexan un ou máis ficheiros). Consulte "Como podo presentar documentos de gran tamaño ou noutros formatos?"



ANEXO III: CONSULTA E MODIFICACIÓN DE PROFESIONAIS SANITARIOS ASOCIADOS A UN ESTABLECEMENTO

Na **Web do Sergas** está accesible a Comunicación de Cambios na autorización de establecimientos (ópticas, audioprótesis, ortopedias):

<https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Rexistro-de-centros-servizos-e-establecimientos-sanitarios-de-Galicia>



Primeiro débese seleccionar o tipo de cambio que se quere comunicar:

Debe indicarse o **número de rexistro sanitario** do establecemento para o que se quere revisar / comunicar cambios de persoal:



Debe revisarse que os datos do establecemento seleccionado son **correctos**:

extranet.sergas.es dice

Precargaranse os datos do establecemento con dirección ¿É correcto?

Aceptar **Cancelar**

Se algún profesional da listaxe xa non está no establecemento pode pulsarse en **Baixa** para comunicar a súa baixa. Pola contra, se non aparece rexistrado algún profesional, deberá pulsarse en **Engadir novo profesional** para comunicar a súa alta no establecemento:

← Cancelar CEREXCE: CAMBIOS NA AUTORIZACIÓN DE ESTABLECIMENTOS Continuar →

Indique (se existen) as altas/baixas dos profesionais sanitarios vinculados ao establecemento.
Pulse o botón continuar para avanzar á seguinte sección.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

DATOS DOS PROFESIONAIS SANITARIOS VINCULADOS AO ESTABLECIMENTO

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	NIF	TIPO RESPONSABLE	TIT. SANITARIA	DATA ALTA	DATA BAIXA
				PRINCIPAL	-	05/03/2002	Baixa

Engadir novo profesional

Se fai cambios, débese **presentar a documentación** que se solicite e finalizar a presentación da comunicación seguindo os pasos da solicitude:

REXISTRO TELEMÁTICO

Nova solicitude | Solicitudes

CCSREXCE - COMUNICACION DE CAMBIOS DO CENTRO

DATA CREACIÓN: 09/08/2022 DATA PRESENTACIÓN: ... ESTADO: MECANIZADO (09/08/2022)
CÓD. SOLICITUDE: ... CÓD. EXPEDIENTE: ...

NESTA PÁXINA PODERÁ XESTIONAR OS DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DA SOLICITUDE

ACHEGAR DOCUMENTACIÓN

ACREDITACIÓN REPRESENTANTE
- Plantilla documento anexo (Descargar)
Escoller un arquivo .PDF Selecionar Engadir

Observacións
-> Debe adxuntar de maneira obrigatoria a acreditación do representante legal (Tipo ACREDITACIÓN REPRESENTANTE)
-> Debe adxuntar de maneira obrigatoria os planos de modificación estrutural (Tipo PLANOS)

DOCUMENTACIÓN PENDENTE

SOLICITUDE Comunicación_...pdf

ELIMINAR

← Editar Asinar e enviar →



Ao finalizar pódese descargar o resgardo da solicitude enviada:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
REXISTRO TELEMÁTICO

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Nova solicitude | **Solicitudes**

✓ A súa solicitude foi enviada correctamente

Información da solicitude

NESTA PÁXINA PODERÁ DESCARGAR O RESGARDAR DA SOLICITUDE ENVIADA. PARA PODER CONSULTAR O ESTADO DAS SUAS SOLICITUDES ACCEDA A PESTANA DE **SOLICITUDES**

Número de entrada	PR RWIEB01 00000000000000000000
Data de rexistro	05/08/2022 18:10
Código do formulario	SA101K
Solicitude	SOLICITUDE DE MODIFICACION DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO/ESTABLECIMENTO
Documentos da solicitude	SOLICITUDE ACREDITACION REPRESENTANTE RESGARDAR SOLICITUDE

[Ver detalle](#) [Descargar resguardo](#)

Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde

Se non fai cambios porque todos os datos son **correctos**, non é necesario finalizar a comunicación. Pódese pulsar en *Solicitudes*, buscar solicitudes *pendentes* e eliminar o borrador xerado:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
REXISTRO TELEMÁTICO

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

Solicitudes | CCSREXCE: CAMBIOS NA AUTORIZACIÓN DE CENTROS/SERVIZOS SANITARIOS | [Gardar](#)

PROCEDIMENTO: CAMBIOS NA AUTORIZACIÓN DE CENTROS/SERVIZOS SANITARIOS | DOCUMENTO: COMUNICACIÓN

REXISTRO TELEMÁTICO

SOLICITUDES PENDENTES - COMUNICACIÓN DE CAMBIOS NA AUTORIZACIÓN DE CENTROS/SERVIZOS SANITARIOS

Nova solicitude | **Solicitudes**

Descripción:

Estado: PENDENTES

[Buscar](#)

Solicitude	Data inicio	Caduca en
COMUNICACION DE CAMBIOS DO CENTRO	09/08/2022 14:18:02	10 días

[Eliminar](#)